

INSTRUCCIÓN SOBRE INFORMACIÓN E PUBLICIDADE DO PROGRAMA EMPRENDOU.

PROXECTOS EMPRESARIAIS E DE AUTOEMPREGO EN CONCELLOS RURAIS DE MENOR POBOACIÓN, NO MARCO DE PORXECTO EMPRENDOU, FINANCIADO POLO PROGRAMA OPERATIVO DE EMPREGO XUVENIL DO FONDO SOCIAL EUROPEO (AXUDAS EMP-POEJ).

Nas bases reguladoras publicadas no BOP de data 29 de maio de 2019, recóllese como obriga das persoas beneficiarias a de aplicar as instrucións facilitadas por esta Deputación na publicidade, difusión ou información do financiamento obtido a través da concesión desta subvención.

A tales efectos teranse en consideración e serán de obrigado cumprimento o disposto nestas Instrucións:

PRIMEIRA.- No centro de traballo da actividade subvencionada polo proxecto emprendOU, deberase colocar un cartel informativo sobre o proxecto, nun lugar de acceso ó público, exterior e con suficiente visibilidade no que se faga constar o nome e o principal obxectivo da operación, o emblema e referencia á Unión, xunto coa referencia a cofinanciación do Fondo Social Europeo, co lema “El FSE invierte en tu futuro” e da Deputación de Ourense, dito contido ocupará polo menos o 25% do cartel, o cal terá como mínimo un tamaño A3- .

O MODELO DE CARTEL ESTÁ SUBIDO Á WEB

SEGUNDA.- Calquera documento relativo e/ou vinculado coas actuacións ou profesionais subvencionados con cargo o programa emprendOU, incluído comunicacións escritas os/as beneficiarios/as ou calquera outro análogo levarán de forma visible a constancia da cofinanciación do Fondo Social Europeo e a Deputación de Ourense.

TERCEIRA.- en caso de que a información se realice de forma electrónica (páxina web, comunicación por mail, redes sociais e outros), e/ou material audiovisual (publicidade en radio, presentacións públicas etc) aplicárase, por analoxía, o antedito en relación a carteis e/ou publicacións físicas.